

## ACTA REUNIÓN COMISIÓN CONTROL PLANO PENSIONES UNIVERSIDADE DE VIGO

### ASISTENTES

#### UNIVERSIDADE DE VIGO

##### Vicerreitor Economía

José María Martín Moreno

##### Xerenta

Raquel María Souto García

##### Vicexerente de Recursos Humanos

José González Groba

##### Profesor Dr. Titular de Universidade

Baltasar Manzano González (desculpa asistencia)

##### Xefa Sección Retribucións e Seguros Sociais

Marta Cogolludo Fernández

### PARTÍCIPIES

María Montero Muñoz

Miguel González Loureiro

Pedro González Santamaría (non asiste)

Cándido Pérez Betanzos

Luis J. Olivares Requejo (non asiste)

Acta da reunión da Comisión de Control do Plano de Pensiones da Universidade de Vigo, celebrada ás 10:05 horas do día 15 de xaneiro de 2021, a través de campus remoto, coa asistencia das persoas que se citan ao marxe e de acordo coa seguinte

### ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación da acta da sesión anterior (11/12/2020).
2. Presentación da revisión financeiro actuarial dos exercicios 2017-2019 levada a cabo por Gesinca
3. Presentación informe de implantación da normativa IORPII.
4. Actualización regulamento plan de pensiones:
  - 4.a. Exclusión de calquera cláusula que implique como dereito de rexistro da entidade xestora: publicidade para os partícipes ou consulta de ficheiros de solvencia.
  - 4.b Aprobación Artigo 25.bis onde se incluían os supostos excepcionais de liquidez de planes que son a enfermidade grave, o desemprego de longa duración e as achegas de máis de 10 anos a partir de 1 de xaneiro de 2025.
  - 4.c Revisión das actualizacións do regulamento.
  - 4.d. Aprobación do novo regulamento actualizado.
5. Rogos e preguntas.
6. Lectura e aprobación da acta.

Asisten tamén a esta reunión:

Por parte de ABANCA Vida y Pensiones Lucas López e Jesús de Juana, por parte de ABANCA Corporación Bancaria José Manuel Nogueira Durán.

1. Lectura e aprobación da acta da sesión anterior (11/12/2020).

A acta queda aprobada por unanimidade.

2. Presentación da revisión financeiro actuarial dos exercicios 2017-2019 levada a cabo por Gesinca

Jesús de Juana de Abanca Vida y pensiones, fará a presentación dos puntos 2, 3 e 4.

As conclusións do informe de revisión financeiro actuarial do plan de pensión destacan que a nivel documental o regulamento interno do plan cumpriu cos requirimentos legais en vigor no período e mostra a súa conformidade coa información remitida pola entidade xestora en relación ao plan de pensións.

En relación ao colectivo de beneficiarios existe un aumento progresivo en número, principalmente durante o exercicio 2019.

En canto ás achegas realizadas, o promotor aportou unha media de 255,75€ durante o ano 2017, 259,63 € durante 2018 y 260,59 € anuais durante 2019. Pola súa banda, as achegas voluntarias dos partícipes incrementáronse no período un 10,37% e se confirman dentro das contas anuais do fondo pensións. Existe unha lixeira diferenza por devolucións posteriores de certas achegas realizadas no último exercicio pero no son de importancia.

No marco das prestacións destácase que a maioría dos beneficiarios foron pola continxencia de xubilación e preto do 80% das prestacións pagáronse en forma de capital.

Os dereitos consolidados ou patrimonio do plan incrementouse durante o período nun 11,48%.

Por último, a rendibilidade acadada polo plan foi a seguinte: 3,01% en 2017, -3,91% en 2018 e 5,63% en 2019.

Gesinca non realiza reserva algunha nin na información ni no funcionamento do plan de pensións.

Jesús de Juana ofrece que no futuro poidamos facer unha sesión co director de inversións para presentar obxectivos de inversión, tamén indica que enviará unha publicación de Inverco relativa ao ranking de rendibilidade de plan de pensións.

3. Presentación informe de implantación da normativa IORPII.

A Entidade Xestora está a elaborar un resumo das funcións requiridas pola normativa IORP II que lle son de esixencia cun pequeno detalle dos conceptos de sistema de goberno corporativo, control interno e xestión de riscos.

Este informe que é meramente informativo, remitirase en días posteriores por parte de Abanca vida y pensiones.

#### 4. Actualización regulamento plan de pensiones.

A Comisión de control ten como función recoñecida a facultade de redacción, modificación e aprobación do regulamento interno sempre que cumpra coas esixencias legais vixentes en cada momento.

- Punto a. A comisión de control acorda eliminar do novo anexo de protección de datos calquera cláusula que implique como dereito de rexistro da entidade xestora: publicidade para os partícipes ou consulta de ficheiros de solvencia. Elimínase da redacción todos os puntos nos que se indiquen estas casuísticas.
- Punto b. A Comisión de Control inclúe o artigo 25.bis onde se incluían os supostos excepcionais de liquidez de planes que son a enfermidade grave, o desemprego de longa duración.

Acórdase deixar pendente de aprobación o apartado 3 do artigo 25.bis relativo ás achegas de máis de 10 anos a partir de 1 de xaneiro de 2025.

Jesús de Juana ofrece enviar un estudio de pirámide poboacional por idade para poder estudar máis a fondo antes da toma de decisións para o artigo 25.bis.3 que se apraza para a seguinte reunión.

- Punto c. As actualizacións no contido do regulamento son:
  - Artigo 3: Denominación do fondo de pensiones ao que se adscribe o plan da Universidade. Actualización de Caixanova I polo nome actual ABANCA Empleo.
  - Artigo 15: Dereitos dos partícipes. Actualízase o punto 6 sobre información a disposición dos partícipes incorporando documentación e información de custos, e máis información sobre mobilizacións.
  - Artigo15.bis: Novo artigo sobre información aos potenciais partícipes. O potencial partícipe é unha nova figura que nace con motivo desta normativa que ven a incluír aos empregados que tendo dereito a integrarse no plan de pensiones non o están ou aqueles que están a xerar o dereito de incorporación.
  - Artigo 17: Dereitos dos beneficiarios. Actualízase a documentación e información de custos que poden solicitar os beneficiarios en liña cos cambios no artigo 15.
  - Artigo 35: Funcións da Comisión de Control: Actualización da denominación do fondo de pensiones a ABANCA Empleo.
  - Artigo 38: Funcionamento da Comisión de Control. Incorpórase un punto 2 indicando a posibilidade de realizar as reunión por videoconferencia.

- Disposición Transitoria: Actualización da denominación do fondo de pensións igual que no artigo 3, ABANCA Empleo no lugar de Caixanova I.
- Punto d. A Comisión de control aproba a redacción do novo regulamento en base aos contidos anteriormente informados.

Jesús de Juana informa que debido á volatilidade e ás circunstancias especiais do ano 2020, o peche de rendibilidade de 2020 foi de -0,92%.

5. Rogos e preguntas.

María Montero solicita a Abanca que remita os valores liquidativos do plan. Jesús de Juana indica que se remite informe trimestral que se recibe dous meses máis tarde do fin de trimestre, pero que intentarán enviar información dos valores liquidativos mensualmente.

6. Lectura e aprobación da acta.

Sendo as 11.43 horas faise un descanso para redacción da acta, posteriormente dáse lectura á acta que queda aprobada por unanimidade.

E sen máis asuntos que tratar, dáse por concluída esta reunión ás 12.00 horas, do que como secretaria dou fe.

Vº e prace

A secretaria

Jose María Martín Moreno

Marta Cogolludo Fernández